

**ESTATUTOS DA “ASOCIACIÓN DE TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA DO
BARBANZA (BARBANTEA)”**

CAPÍTULO 1. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.- Coa denominación de “ASOCIACIÓN DE TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA DO BARBANZA (BARBANTEA)” constitúese unha entidade ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2.- Esta asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados e asociadas expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 3.- A existencia desta asociación ten como finalidades:

1º.- Promover e implementar accións dirixidas a incentivar a autonomía, o desenvolvemento persoal (físico, intelectual, social e emocional) e calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA).

2º.- Apoiar, informar, asesorar ás familias como principal axente socializador das persoas con TEA.

3º.- Promover e desenvolver accións dirixidas a mellorar a situación e contexto social das persoas con TEA.

4º.- Fomentar a formación de profesionais neste trastorno.

5º.- Potenciar a investigación científica, a divulgación e o coñecemento con relación ao TEA na nosa comarca.



6º.- Representar e defender os intereses das persoas con TEA ante toda clase de organismos, administracións locais ou autonómicas, persoas físicas ou xurídicas, entidades públicas ou privadas.

7º.- Favorecer a colaboración entre familias e profesionais, e a cooperación con outras entidades que representan ao colectivo no seu traballo.

Artigo 4.- Para o cumprimento dos seus fins a Asociación realizará, entre outras, as seguintes actividades:

1º.- Información e orientación ás familias.

2º.- Celebración de actos formativos, educativos, asistenciais, recreativos, culturais, deportivos, sociais e de convivencia partindo dos recursos propios que puidera ter a Asociación ou mediante colaboración con outras entidades, asociacións ou persoal especializado.

3º.- Planificación de actividades formativas mediante escolas de familias.

4º.- Promoción do voluntariado.

Artigo 5.- O domicilio social da asociación radicará en Boiro, na Avenida da Constitución Nº69 1ºB, Código postal 15930, provincia da Coruña. A modificación do domicilio principal e permanente da asociación correspóndelle á Asemblea Xeral Extraordinaria, xa que é unha modificación dos estatutos.

Artigo 6.- Tendo en conta os seus fins, o ámbito territorial de actuación no cal a Asociación desenvolverá as súas actividades será preferentemente no ámbito comarcal. Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outra persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



CAPÍTULO II. DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7.- Poderán ser integrantes da ASOCIACIÓN DE TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA DO BARBANZA (BARBANTEA) todas as persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou, tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que libre e voluntariamente soliciten a súa admisión.

Diferenciarase un grupo denominado Socios Colaboradores, que serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan interese en pertencer á Asociación pero non cumpran os requisitos para ser admitidos como Socios Numerarios.

Artigo 8.- Dentro da asociación poderán coexistir as seguintes clases de persoas asociadas.

Persoas fundadoras, que serán aquelas que participen no acto de constitución da asociación.

Persoas numerarias, que serán aqueles que ingresaron con posterioridade á constitución da asociación e en calidade de pai, nai, titor ou titora legal dalgunha persoa con TEA.

Persoas honorarias, que serán aquelas que xuízo da Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva, segundo se estableza, se fagan merecedoras de tal distinción por contribuír de xeito notable á dignificación ou desenvolvemento dos fins da asociación.

Outras persoas: colaboradores e colaboradoras, simpatizantes, etc.

Artigo 9.- As persoas asociadas numerarias e/ou fundadoras teñen os seguintes dereitos:

- 1.- Participar nas asembleas con voz e voto, sempre e cando teñan actualizado o pago das cotas.
- 2.- Poder elixir e ser elixido ou elixida para os cargos directivos.



- 3.- Tomar parte en cantas actividades organice a asociación no cumprimento dos seus fins.
- 4.- Gozar de todas as vantaxes e beneficios que poida proporcionar a asociación.
- 5.- Facerlles suxestións aos membros da Xunta Directiva de cara a mellorar o cumprimento dos fins da asociación.
- 6.- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
- 7.- Aqueles outros que sexan recollidos na lexislación vixente.

Artigo 10.- A persoas asociadas terán as seguintes obrigas:

- 1.- Satisfacer as cotas que se establezan.
- 2.- Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- 3.- Prestar cantos servizos determinen os estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- 4.- Observar a boa conduta individual e cívica.
- 5.- Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.
- 6.- Aquelas outras que se recollan na lexislación vixente.

Artigo 11.- As persoas asociadas honorarias non poderán elixir ou ser elixidos para os cargos directivos e poderán asistir ás Asembleas Xerais con voz pero sen voto.

Artigo 12.- Os acordos de admisión de persoas asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 13.- A condición de persoa asociada pérdese:

- 1.- Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, e tralo aboamento das cotas debidas ata ese intre.
- 2.- Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.



- 3.- Por expediente disciplinario.
- 4.- Por falta de aboamento da cuota de socio.

Artigo 14.- A expulsión de persoas asociadas será acordada pola Xunta Directiva, trala audiencia da persoa interesada. En todo caso, o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 15.- A separación temporal dunha persoa asociada pódese producir:

- 1.- Por petición persoal da asociada por escrito.
- 2.- Polo acordo da Xunta Directiva, ben:
 - a) Por estarse tramitando un expediente sancionador.
 - b) Por outras causas xustificadas que o aconsellen:
 - Comportamentos que afecten á boa marcha dos fins da asociación.

CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN

Artigo 16.- O goberno de representación da asociación dos seguintes órganos:

1. A Asemblea Xeral, máximo órgano do goberno.
2. A Xunta Directiva, órgano colexiado en que a Asemblea delega o goberno da asociación.
3. Presidente ou presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta, secretario ou secretaria, tesoureiro ou tesoureira e tres vogais, órganos unipersoais e con funcións de goberno e representación determinadas polos presentes estatutos.



Artigo 17.- A Asemblea Xeral de persoas asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por todos os seus integrantes. O Presidente ou presidenta e o Secretario ou secretaria serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 18.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten un cuarto das persoas asociadas. Neste último caso, realizarase por medio de escrito dirixido á presidencia, autorizado con sinaturas dos e das solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos catro meses seguintes do peche do exercicio.

A Asemblea Ordinaria será convocada con 15 días de antelación e a Asemblea Extraordinaria convocarase con 15 días de antelación pola Presidencia da Xunta Directiva, e deberá ser notificada por escrito ás persoas asociadas.

Na convocatoria aparecerá o lugar, a data e hora da asemblea, así como a orde do día con expresión concreta dos temas para tratar e os anexos que procedan. Tamén haberá de sinalarse a hora da segunda convocatoria, sen que entre a primeira e a segunda convocatoria poida mediar un prazo inferior a un cuarto de hora (15 minutos).

Transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero en todo caso, coa presenza do presidente/a ou vicepresidente/a ou persoa que o substitúa.

A notificación farase nos locais da asociación para as Asembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas Extraordinarias.

Artigo 20.- Para que as asembleas poidan tomar acordos, estarán integradas polas persoas asociadas asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total das



asociadas na primeira convocatoria, ou con calquera número das asistentes na segunda convocatoria.

Artigo 21.- Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non serán computables os votos en branco nin as abstencións.

Será precisa a maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- 1.- Ratificar a expulsión das persoas asociadas por proposta da Xunta Directiva.
- 2.- Aprobado a federación con outras asociacións.
- 3.- Solicitar a declaración de utilidade pública.
- 4.- Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- 5.- Designar aos liquidadores ou liquidadoras.

Artigo 22.- Son competencia da Asemblea Xeral Ordinaria:

- 1.- Aprobado o plan de actividades proposto pola Xunta Directiva.
- 2.- Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- 3.- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- 4.- Aprobado o orzamento proposto pola Xunta Directiva.
- 5.- Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- 6.- Acordar a remuneración, de ser o caso, dos membros dos órganos de representación.

Artigo 23.- Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- 1.- Modificar os estatutos da asociación.

- 2.- Disolver a asociación e nomear os liquidadores.
- 3.- Aprobar a federación con outras asociacións.
- 4.- Ratificar a expulsión das persoas asociadas a proposta da Xunta Directiva.
- 5.- Solicitar a declaración de utilidade pública.
- 6.- Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- 7.- Elixir e cesar os integrantes da Xunta Directiva.
- 8.- Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
- 9.- As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar á súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
- 10.- Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 24.- Os acordos aprobados conforme cos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, mesmo ás non asistentes.

As sesións comezarán coa lectura por parte do secretario ou secretaria da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a orde do día. Sobre cada punto, informará o membro da Xunta Directiva que corresponda, e procederase á súa aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia que se trate.

Unha vez rematados os asuntos da orde do día abrírase, se así o considera oportuno o presidente ou presidenta ou o solicitan un 10 % das persoas asociadas inscritas no libro de membros, a quenda de preguntas e suxestións. Concluído este punto, o presidente ou presidenta dará por rematada a sesión.

Artigo 25.- Poderase recorrer contra os acordos que vaian contra destes estatutos ou infrinxan os fins da asociación en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da



resolución deste recurso, quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 26.- A asociación será xestionada por unha Xunta Directiva, composta por: presidente ou presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta, secretario ou secretaria, tesoureiro ou tesoureira, e vogais.

Todas as persoas que compoñen a Xunta Directiva deberán ser asociadas, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incursos nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente. ´

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas.

Os cargos deberán ser designados e revocados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de 1 ano e poderán ser reelixidos ou ratificados posteriormente. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

Artigo 27.- Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:

1.- Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.

2.- Por expiración do mandato.

3.- Por incumprimento das obrigas que tiñan encomendadas.

4.- Por acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva, aprobado por 2/3 das persoas asociadas reunidas en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas de xeito provisorio entre os ditos membros



ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente ou presidenta, secretario ou secretaria e tesoureiro ou tesoureira.

Nos casos 1 e 2, continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen o substitúa.

Artigo 28.- A Xunta Directiva será convocada polo Presidente ou Presidenta, a iniciativa propia ou petición de calquera dos seus compoñentes. A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario unha vez ao trimestre e con carácter extraordinario tantas veces o determine o Presidente ou Presidenta ou por petición e calquera dos seus membros.

A convocatoria realizaranse como mínimo con tres días de antelación mediante citación persoal na que se recollerá a orde do día.

Realizada a convocatoria, a xunta quedará constituída pola asistencia da metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos dos asistentes. No caso de empate, o voto do presidente ou presidenta será de calidade.

Artigo 29.- As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes estatutos, da autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

- 1.- Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da asociación.
- 2.- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- 3.- Convocar as Asembleas Xerais.
- 4.- Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o programa de actuación, así como a memoria da xestión correspondente.



5.- Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e as contas do exercicio pechado.

6.- Resolver sobre a admisión de novos asociados e asociadas.

7.- Crear comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos e actividades ou recadar delas informacións necesarias. Ao cargo destas comisións designarase un membro da Xunta Directiva.

8.- Nomear delegados para determinadas actividades da asociación.

9.- Interpretar os estatutos e o Regulamento de Réxime Interior e velar polo seu cumprimento.

10.- Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

Artigo 30.- O Presidente/a da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará un ano. O Presidente ou presidenta da Xunta directiva terá as seguintes atribucións:

1.- Presidir e dar por rematadas as sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, e decidir con voto de calidade en caso de empate.

2.- Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado.

3.- Ordenar pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e certificacións e correspondencia.

4.- Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.



Artigo 31.- O Presidente ou presidenta será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente ou Vicepresidencia, que ademais, o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 32.- O Secretario ou secretaria recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de persoas asociadas e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente ou Presidenta.

Artigo 33.- O Tesoureiro ou Tesoureira exerce a dirección dos traballos de xestión económica da asociación, a custodia e levanza dos libros de contabilidade e os inventarios, así como todos os documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.

Deberá preparar os orzamentos, as contas anuais e os balances perante a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, así como dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente ou Presidenta.

O Tesoureiro ou Tesoureira ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario o 31 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 34.- Os/as Vogais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

- 1.- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- 2.- Desempeñar os traballos que sexan encomendados pola Xunta Directiva.



CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 35.- A asociación como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderá distribuír os recursos obtidos entre os asociados ou asociadas, senón que, deberá destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 36.- O patrimonio da asociación é de cero euros (0€).

Artigo 37.- O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano. Así, o seu orzamento será anual e deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria do exercicio económico que corresponda e a liquidación do orzamento terase que presentar necesariamente, na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ao remate do exercicio.

As asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos.

Artigo 38.- Anualmente e con referencia ao derradeiro día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e o balance de situación, que se formalizará nunha memoria que será posta a disposición das persoas asociadas durante un prazo non inferior a 15 días do día sinalado para a Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 39.- Os recursos económicos dos que dispón a asociación para o cumprimento dos seus fins son:

1.- As cotas periódicas das persoas asociadas: A Xunta Directiva poderá valorar facilidades nos prazos de pago de dita cota.



2.- As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.

3.- As doazóns ou subvencións que poidan conceder os organismos públicos, entidades privadas ou particulares.

4.- Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.

5.- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 40.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 41.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a asociación os ten depositados deberá a entidade bancaria ter recoñecidas as sinaturas que corresponden ao presidente ou presidenta, e ao tesoureiro ou tesoureira, para o seu emprego conxunto.

CAPÍTULO V. DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 42.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenrolará aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección de membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN



Artigo 43.- Os presentes estatutos poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva ou un cuarto das persoas asociadas.

A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abrirase un prazo de 10 días para que calquera persoa asociada poida dirixirille á secretaría as propostas ou emendas que considere oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á súa realización.

Artigo 44.- Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesario o voto favorable de 2/3 dos membros da Asemblea Xeral das persoas asociadas.

Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados.

Artigo 45.- A asociación disolverase polas seguintes causas:

- 1.- Pola vontade das 2/3 partes das persoas asociadas.
- 2.- Por outras causas determinadas legalmente.
- 3.- Por sentenza xudicial.

Artigo 46.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres persoas asociadas liquidadoras, que xunto ao presidente ou presidenta e o tesoureiro ou tesoureira, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagarán débedas, cobrarán créditos e fixarán o haber líquido resultante.

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doaráselle a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma e que teña os mesmos ou similares fins.



O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presente estatutos aplicarase a vixente Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias.

